

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 1 de febreiro de 2019 ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1. Proposición da Presidencia sobre a ratificación do carácter ordinario da sesión do Pleno do día 1 de febreiro de 2019
- 2.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia do deputado Don José García Liñares.
- 3.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 16/2018, do 21 de decembro.
- 4.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia, desde o 18 de decembro de 2018 ata o 28 de xaneiro de 2019.
- 5.-Toma de coñecemento das Resolucións da Presidencia seguintes: número 1346/2019 sobre delegación de atribucións do presidente no deputado membro da Xunta de Goberno e número 1347/2019 sobre nomeamento do presidente da Comisión Informativa Permanente de Deporte e Mocidade.
- 6.-Proposición da Presidencia: Ratificación de Resolucións da Presidencia sobre recursos contencioso-administrativos contra acordos plenarios.
- 7.- Proposición da presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao segundo mes do ano 2019.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

- 8.-Aprobación do Plan de investimentos en vías provinciais 2019, primeira fase: mellora da capa de rodaxe DP 1703 P.K. 4+600 ao 7+280 (Porto do Son); mellora do firme DP 2404 PK 3+300 ao 7+300 (A Laracha) e mellora da capa de rodaxe DP 7504, PK 0+000 ao PK 4+820 (Sada).
- 9.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2019, primeira fase: senda peonil na DP 1802 PK 15+280 a 16+230 (Ribadeume) As Pontes de García Rodríguez.
- 10.-Aprobación do proxecto modificado número 1 do proxecto DP 3604 San Xoán de Filgueira a Catabois, PQ 0+900 ao 1+801.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

- 11.-Aprobación inicial do expediente de alteración de cualificación xurídica e aprobación inicial da cesión de uso dunha parte do inmovible Fogar Infantil Emilio Romay a favor da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais para destinalo aos fins educativos propios da referida entidade.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

12.-Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago (que actuará na súa xestión a través da empresa municipal de información e Comunicación Local S.A. - INCOLSA) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades do "III Edición Fairway - Fórum do Camiño de Santiago 2019".

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

13.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de decembro de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de decembro de 2018.

14.-Dar conta do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

15.-Acordo de inadmisión da alegación presentada contra a aprobación inicial do Orzamento xeral desta Deputación para o exercicio 2019.

16.-Aprobación da modificación da ordenanza Nº 13 Reguladora do prezo público por utilización da pista polideportiva: cambio de denominación, modificación e redacción íntegra.

17.-Aprobación inicial da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias

18.-Aprobar definitivamente a relación de postos de traballo, o cadro de persoal e o organigrama 2019.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción dos Grupos Provinciais de Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica e PSdG-PSOE en defensa da sanidade pública.

ROGOS E PREGUNTAS